

Comezamos unha nova semana con máis ideas, e tamén agregamos dúas PDF para os que queirades imprimir e realizar algunhas fichas de lóxica-matemática e lectoescritura.

Recordade que aínda estamos comezando co trazo dalgunhas vogais polo que recomendamos só as fichas das vogais "i", "u" e "e".

Esperamos que sigades tod@s ben e que vos axuden a manter o ánimo para estos días, un forte abrazo das vosas profes de 4 años.

MÉRCORES: XOGAR A PENSAR



CONTINUAMOS A XOGAR A PENSAR

Este cadro titúlase; “ Pareja a caballo”.

- *Por qué lle poñería este título o seu autor?*
 - *As cores son claras ou escuras?*
 - *Hai persoas, animais ou as dúas cousas?*
 - *Quen son?*
 - *Qué fan?*
 - *Cómo se chamarán?*
 - *Onde están?*
- (Lembra apuntar as túas respostas)

Continuamos a anticipar consecuencias, esta semana coa estación na que estamos; A PRIMAVERA.

- Qué comeremos nesta estación.
- Cómo iremos vestidos.
- Qué tempo fará.
- De que cor será a paisaxe.
- Que festas virán

XOVES: HOXE TOCA XOGAR COS NÚMEROS!!

Partindo da nosa realidade máis cercana como é o teléfono móbil da nosa familia, trátase de completar o teléfono da ficha cos números que faltan. Logo podedes decoralo e xogar a chamar ás persoas que desexedes...

ESTES DÍAS CHAMEI A:

1.- _____

2.- _____

3.- _____


GUSTARÍAME CHAMAR A:

1.- _____

2.- _____

3.- _____

TELÉFONO DE: _____



VENRES: FIGURAS DECORATIVAS

O reto de hoxe será crear as nosas propias figuras decorativas para embelecer un rincón da nosa casa; atreveste?

Para conseguilo debemos crear unha masa seguindo estas instrucións:

- ❖ Apunta nun folio e por orde: “MASA DE SAL” e fai unha lista dos ingredientes que precisamos (en maiúsculas):
 - 300gr. de fariña
 - 150 gr. de sal fina
 - 150ml. de auga quente
- ❖ No espazo restante do folio fai un debuxo das figuras que che gustaría crear con esa masa.
- ❖ E comezamos coa súa elaboración; mestura a fariña e o sal nun recipiente e remove ben coas mans. Añade pouco a pouco a auga quente e continua a remover ata que quede unha masa uniforme.
- ❖ Se queres podes añadirle á masa unhas gotas de edulcorante para observar como ó amasar se estende a nova cor pola masa.
- ❖ Creamos as figuras que tñamos pensado, ou unhas novas (non teñen que ser todas planas). Podes axudarte coas ferramentas que teñas polo fogar ou da plastilina (se as queredes colgar recordade facerlles un pequeno burato).
- ❖ Cando xa esteas convencid@ das túas figuras creadas, pedimos a axuda dun adulto para poñelas no forno a 200grados durante media hora (ou o tempo preciso para que a masa quede dura)
- ❖ E xa temos as nosas figuras decorativas!! Só nos queda pintalas con acuarelas, pintura de dedos ou con outros materiais que se consideren oportunos.

